

Disposición adicional cuarta. *Días inhábiles.*

Decláranse inhábiles os días 28, 29 e 30 de novembro e 1 e 2 de decembro, nos termos municipais que resultasen afectados, a toda clase de efectos civís, notariais, mercantís, administrativos, xudiciais e rexistrals, sen prexuízo da validez das actuacións e das dilixencias practicadas en día inhábil, se se realizasen cos requisitos legais.

Disposición derradeira primeira. *Competencias das Comunidades Autónomas.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.1.^a da Constitución española, sen prexuízo das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma afectada, ao abeiro do seu Estatuto de autonomía.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 2 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

20194 REAL DECRETO 1414/2005, do 25 de novembro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, e a oposición a elas. («BOE» 293, do 8-12-2005.)

A normativa comunitaria sobre denominacións de orixe está constituída polo Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo de 1992, relativo á protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

Para facilitar a súa aplicación no dereito interno, en especial no que se refire á tramitación das solicitudes de rexistro das denominacións de orixe e indicacións xeográficas, considerouse necesario establecer certas precisións, para o que se publicou o Real decreto 1643/1999, do 22 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, rexistro a que se refire o artigo 6.3 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello.

O dito real decreto establece o procedemento de tramitación das solicitudes e a forma de exercer a protección nacional transitoria, prevista no artigo 5.5 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello; de acordo co seu

contido, viñéronse tramitando as solicitudes e veuse exercendo a protección nacional transitoria das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, desde a súa publicación ata a data, dunha forma ordenada e eficaz.

Non obstante, púxose de manifesto neste período a necesidade de regular un procedemento interno de oposición, previo á transmisión da solicitude de rexistro á Comisión Europea.

Previamente á transmisión da solicitude de rexistro á Comisión Europea, as autoridades competentes do Estado membro deben examinar coidadosamente a solicitude.

Calquera persoa física ou xurídica, lexitimamente interesada, ten o dereito de se opor á solicitude de rexistro, para salvagardar o que considere o seu dereito ou interese lexitimo. Baseándose nas regras xerais de boas prácticas administrativas os Estados membros deben dispor dun procedemento interno de oposición. Isto é particularmente importante xa que as oposicións procedentes do mesmo Estado membro non poden ser examinadas mediante o procedemento de oposición no ámbito comunitario. O dito procedemento comunitario refírese a oposicións transmitidas por un Estado membro a unha solicitude presentada por outro Estado membro.

Por todo iso, considérase necesario e oportuno regular, no marco do procedemento existente, un procedemento incidental de oposición ás solicitudes de inscrición no rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, así como ás solicitudes de modificación do prego de condicións das xa inscritas no mencionado rexistro, con carácter previo á transmisión das ditas solicitudes á Comisión Europea, procedemento que se substanciará ante o órgano competente das comunidades autónomas, salvo que o ámbito territorial da denominación abarque máis dunha comunidade autónoma; neste caso, corresponde-lle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Ademais, algunhas comunidades autónomas, en virtude da competencia exclusiva que os seus estatutos de autonomía lles confiren en materia de denominacións de orixe, non aproban e publican regulamentos das denominacións de orixe nin das indicacións xeográficas protexidas, polo que non resulta aplicable, neses casos, a vixente normativa en materia de protección nacional transitoria, polo cal tamén se considerou a conveniencia de modificar a actual regulación para abrir a posibilidade de que a ratificación que debe efectuar o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non se restrinja de forma exclusiva ao regulamento da denominación.

Coa finalidade de regular ambas as cuestións, considérase o máis conveniente, para maior claridade e conseguinte seguridade xurídica, ditar un novo real decreto que incorpore ao contido do anterior a regulación do procedemento de oposición e prevexa a posibilidade de ratificar documentos distintos dos regulamentos, e derrogar o vixente e citado Real decreto 1643/1999, do 22 de outubro.

Este real decreto foi sometido, en fase de proxecto, a consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector e promúlgase ao abeiro da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica a que se refire o artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de novembro de 2005,

DISPÓÑO :

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación ás denominacións de orixe protexidas e ás indicacións xeográficas protexidas a que se refire o artigo 2 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello do 14 de xullo de 1992 (en diante denominacións).

Artigo 2. *Solicitantes.*

1. Os produtores ou transformadores dun produto agrícola ou alimenticio, ou as súas agrupacións e, en casos excepcionais, unha persoa física ou xurídica, de acordo co establecido no Regulamento (CEE) n.º 2037/93 da Comisión, do 27 de xullo de 1993, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, relativo á protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, que soliciten a inscrición dunha denominación no Rexistro de denominacións de orixe protexidas e de indicacións xeográficas protexidas a que se refire o artigo 6.3 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92, deberán presentar esa solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma ou do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo que o ámbito territorial de denominación se circunscriba a unha soa comunidade autónoma ou a máis dunha.

2. Os solicitantes deberán acreditar vinculación profesional, económica e territorial cos produtos para os que se solicita a inscrición, pola súa condición de produtores ou transformadores que exercen a actividade na área territorial relacionada coa denominación.

Artigo 3. *Documentación anexa á solicitude.*

Cando se trate de denominacións con ámbito territorial que se estenda a máis dunha comunidade autónoma, a solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

A) Un estudo xustificativo da solicitude de rexistro, que conterá, polo menos, os seguintes puntos:

a) Respecto do nome:

1.º A acreditación do uso e a notoriedade do nome xeográfico na comercialización do produto.

2.º A xustificación de que o nome xeográfico é suficientemente preciso e está relacionado coa zona xeográfica delimitada.

3.º Unha certificación do Rexistro Mercantil Central, da Oficina Española de Patentes e Marcas e da Oficina de Harmonización do Mercado Interior sobre a existencia ou non de razóns sociais ou marcas rexistradas relacionadas co nome da denominación de orixe ou a indicación xeográfica.

b) Respecto dos produtos:

1.º Unha descrición da zona xeográfica tradicional de produción e elaboración do produto que se pretende protexer, con especial incidencia nos factores naturais e humanos.

2.º A indicación das variedades, especies ou razas e das técnicas de cultivo ou cría tradicionais.

3.º Características, condicións e métodos de produción ou transformación dos produtos.

4.º Unha descrición dos produtos que exprese as características fisicoquímicas e organolépticas que, en función dos parágrafos anteriores, establezan unha diferenciación cualitativa en relación coas da súa mesma natureza.

5.º Modos de presentación e comercialización, así como principais mercados ou outros elementos ou datos

socioeconómicos que xustifiquen a notoriedade dos produtos.

B) Un prego de condicións que conterá os elementos especificados no artigo 4 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92.

C) O proxecto de regulamento da denominación.

Artigo 4. *Remisión das solicitudes ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.*

1. As comunidades autónomas, unha vez realizadas as comprobacións previstas no artigo 5.5 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92, remitirán as solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a súa tramitación.

2. Así mesmo, as comunidades autónomas, unha vez realizadas as comprobacións previstas no artigo 9 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92, remitirán as solicitudes de modificación do prego de condicións das denominacións xa inscritas no Rexistro comunitario ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a súa tramitación.

3. Cando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación advirta a falta ou insuficiencia dalgún documento ou requisito necesario na solicitude, comunicarllo ao órgano competente da comunidade autónoma en cumprimento do deber de colaboración entre administracións públicas.

4. Correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas afectadas, realizar as comprobacións mencionadas nos puntos 1 e 2 das solicitudes de inscrición ou de modificación do prego de condicións das denominacións cuxo ámbito territorial abrangue o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 5. *Publicidade e prazo para a iniciación da oposición.*

1. Unha vez recibida e comprobada a solicitude de inscrición no rexistro comunitario ou a solicitude de modificación do prego de condicións, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará no *Boletín Oficial del Estado* un anuncio das solicitudes de inscrición, así como a ficha resumo prevista no Regulamento (CE) n.º 383/2004 da Comisión, do 1 de marzo de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, no que se refire á ficha resumo dos principais elementos dos pregos de condicións.

2. No prazo de dous meses a partir da data de publicación no *Boletín Oficial del Estado* das solicitudes de inscrición mencionadas no punto anterior, calquera persoa física ou xurídica, que considere afectados os seus lexítimos dereitos ou intereses, poderase opor ao rexistro pretendido mediante a correspondente solicitude de oposición ao rexistro, dirixida ao órgano competente da comunidade autónoma, ou ao director xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cando o ámbito territorial da denominación abarque o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 6. *Causas de oposición.*

Logo de comprobación do dereito ou interese lexítimo aducido, sen o concurso do cal o procedemento se dará por finalizado, a oposición ao rexistro versará:

a) Sobre o incumprimento das condicións a que se refire o artigo 2 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92, que deberá probar a parte oposta ao rexistro.

b) Sobre a existencia dunha denominación total ou parcialmente homónima ou dunha marca, ou sobre a posible existencia de produtos que se encontren legalmente no mercado polo menos durante os cinco anos anteriores á data de publicación prevista no artigo 5.1.

c) Sobre os elementos que permitan concluír que o nome do que se solicita o rexistro ten carácter xenérico.

Artigo 7. *Aceso ao expediente e petición de informes.*

1. Iniciado o procedemento, tanto o prego de condicións como a solicitude de inscrición e a súa documentación anexa estarán á disposición, para o seu exame, da parte opoñente e de calquera persoa física ou xurídica legalmente interesada, logo de solicitude formal ao órgano competente da comunidade autónoma, ou ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cando o ámbito territorial da denominación abarque o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

2. A Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación solicitará, se é o caso, un informe ás comunidades autónomas afectadas, que o remitirán no prazo de 15 días hábiles contado desde a recepción da petición do informe.

Artigo 8. *Resolución e recursos.*

1. A resolución, que deberá motivarse, será adoptada polo órgano competente da comunidade autónoma, ou polo director xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación cando o ámbito territorial da denominación abarque o territorio de máis dunha comunidade autónoma, e será notificada ao solicitante da inscrición e a cantos se opuxesen a ela.

As comunidades autónomas comunicarán a resolución ditada ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para os efectos do establecido no artigo 10.

2. Contra a resolución que resolva o procedemento de oposición poderanse interpor os recursos que procedan conforme a lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución.*

O prazo máximo para resolver o procedemento de oposición, así como para notificar a resolución, será de seis meses contados a partir da solicitude de oposición cando o ámbito territorial da denominación abarque o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 10. *Transmisión das solicitudes á Comisión Europea.*

1. Unha vez realizadas as comprobacións previstas no artigo 4.3 e resolto o procedemento de oposición, se é o caso, transmitirase a solicitude de inscrición á Comisión Europea.

2. A realización da dita transmisión será comunicada inmediatamente á comunidade autónoma correspondente.

Artigo 11. *Protección nacional transitoria.*

Unha vez que se transmita a solicitude de rexistro á Comisión Europea, poderá concederse unha protección nacional transitoria, segundo o previsto no artigo 5.5 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92, mediante a publicación no *Boletín Oficial del Estado* do regulamento, prego de condicións ou norma relativa á denominación remitidos pola comunidade autónoma.

Para tal efecto, o dito regulamento, prego de condicións ou norma relativa á denominación serán ratificados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sempre que a protección outorgada se axuste ao ordenamento xurídico vixente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto e, expresamente, o Real decreto 1643/1999, do 22 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito da súa competencia, as medidas precisas para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

20195 *REAL DECRETO 1415/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a pesca do coral vermello e a súa primeira venda.* («BOE» 293, do 8-12-2005.)

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, regula no seu título I a pesca marítima en augas exteriores e establece os requisitos e condicións para o seu exercicio.

A pesca do coral vermello (*Corallium rubrum*) está regulada no Real decreto 1212/1984, do 8 de xuño, que establece a normativa referida aos fondos mariños, as artes e as zonas permanentes de veda, así como os requisitos e condicións para o exercicio da actividade.

A progresiva escaseza deste recurso pesqueiro aconsella unha nova regulación relativa ao esforzo pesqueiro sobre a súa extracción, así como o establecemento do procedemento para a concesión das autorizacións para o exercicio da actividade, de conformidade co establecido na Lei 3/2001, do 26 de marzo, e na normativa comunitaria, en especial, no Regulamento (CEE) n.º 3690/93 do Consello, do 20 de decembro de 1993, polo que se establece un réxime comunitario que determina as normas relativas á información mínima que deberán conter as licenzas de pesca.